

**TEMA 5****OBXECTIVOS MÍNIMOS**

- Reflexionar sobre o papel da muller no conto popular.
- Coñecer o concepto narración e as súas partes.
- Saber o que é un verbo e coñecer os diferentes tipos de modos e tempos.
- Identificar os elementos máis importantes dunha audición.
- Coñecer o marco legal da lingua galega e a realidade actual desta.
- Coñecer os conceptos narrador, tempo, espazo e personaxes e identificalos nun texto
- Amosar interese polo feito literario.
- Extraer a idea central dun texto.

**CONTIDOS**

- A narración
- O verbo
- Funcións sintácticas básicas
- O ditongo e o hiato
- A paisaxe urbana
- Situación actual da lingua galega: usos
- A narrativa. Os elementos narrativos

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Reflexiona sobre o papel da muller no conto popular.
- Coñece o concepto narración e as súas partes e identifícaa nun texto narrativo.
- Sabe o que é un verbo e coñece e identifica os diferentes tipos de modos e tempos.
- Coñece as formas non persoais do verbo.
- Identifica os elementos máis importantes dunha audición.
- Coñece o marco legal da lingua galega e a súa realidade actual.
- Sabe o que é unha narración literaria. Coñece e identifica os elementos dunha narración.
- Amosa interese polo feito literario.
- Extrae a idea central dun texto.

## TEMA 6

### OBXECTIVOS MÍNIMOS

- Respetar as quendas nun debate.
- Coñecer o concepto descrición e as súas características.
- Distinguir un substantivo dun adxectivo.
- Coñecer as regras básicas da formación do xénero e número.
- Identificar os elementos máis importantes dunha audición.
- Saber o que son os prexuízos lingüísticos.
- Saber o que é unha lenda, un mito e un conto.
- Distinguir a novela dun conto.

### CONTIDOS

- A descrición
- O substantivo
- O adxectivo
- A paisaxe rural e mariñeira
- A toponimia
- Situación actual da lingua galega: actitudes. Os prexuízos lingüísticos.
- Tipos de textos narrativos

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Respeca as quendas nun debate.
- Sabe extraer as ideas principais dun texto.
- Participa activamente nun debate.
- Coñece o concepto descrición e as súas características e realízaa axeitadamente.
- Distingue un substantivo dun adxectivo.
- Coñece as regras da formación do xénero e número e aplícaas en formas preestablecidas
- Coñece os diferentes graos do adxectivo.
- Identifica os elementos máis importantes dunha audición.
- Sabe o que son os prexuízos lingüísticos.
- Valora o fenómeno do prexuízo tanto diacronicamente como na actualidade.
- Sabe o que é unha lenda, un mito e un conto.
- Distingue a novela dun conto. Define unha epopea

## TEMA 7

### OBXECTIVOS MÍNIMOS

- Coñecer a definición de noticia e procurar a información máis importante.
- Saber o que é un adverbio.
- Coñecer as funcións sintácticas: CD, CI e circunstanciais.
- Identificar os elementos máis importantes dunha audición.
- Saber o que son os rexistros formal e informal.
- Apreciar a variante formal do galego como unha ferramenta útil.
- Definir o xénero lírico.
- Coñecer os principais recursos do xénero lírico.

### CONTIDOS

- Funcións sintácticas
- Noticia: o telexornal e a radio
- Encontros de vogais
- A saúde
- A adecuación textual: os rexistros
- A poesía. A linguaxe poética

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñece a definición de noticia e os trazos deste xénero e procura a información máis importante.
- Sabe redactar unha noticia tendo en conta as súas partes e características.
- Sabe o que é un adverbio e diferenza a tipoloxía de adverbios
- Coñece as funcións sintácticas: CD, CI e circunstanciais.
- Identifica os elementos máis importantes dunha audición.
- É quen de pronunciar as diferentes vogais do galego de xeito reflexivo.
- Sabe o que son os rexistros formal e informal e identifícaos nun texto dado.
- Aprecia a variante formal do galego como unha ferramenta útil e coñece as súas características
- Define o xénero lírico e coñece os principais recursos deste xénero.
- Identifica a métrica, a rima e os diferentes elementos estilísticos nun poema dado.
- Redacta textos literarios.

## TEMA 8

### OBXECTIVOS MÍNIMOS

- Definir a crónica dentro da linguaxe xornalística.
- Definir sinonimia e apreciar o dicionario de sinónimos como ferramenta.
- Coñecer o uso do punto, punto e coma, e coma.
- Identificar os elementos máis importantes dunha audición.
- Saber o que é un dialecto ou variedade diatópica.
- Apreciar o fenómeno dialectal como riqueza cultural.
- Coñecer os temas máis reiterativos da poesía.

### CONTIDOS

- A crónica e a crónica deportiva.
- Cohesión II: As referencias léxicas
- A puntuación: o punto e a coma
- Consoantes galegas
- Traballo e esforzo
- As variedades dialectais da lingua galega
- A poesía. Os grandes temas

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Sabe extraer as ideas secundarias dun texto e comprende a súa estrutura.
- Investiga e redacta un traballo sobre un tema dado.
- Define a crónica dentro da linguaxe xornalística.
- Distingue entre crónica e noticia.
- Define sinonimia e aprecia o dicionario de sinónimos como ferramenta.
- Coñece o uso do punto, punto e coma, e coma e emprégao con atención.
- Emprega a sinonimia como ferramenta cohesiva.
- Identifica os elementos máis importantes dunha audición.
- É quen de pronunciar as diferentes consoantes do galego de xeito reflexivo.
- Sabe o que é a variedade diatópica e aprecia este fenómeno como riqueza cultural.
- Identifica os trazos definitorios dos tres bloques dialectais do galego.
- Coñece os temas máis reiterativos da poesía.
- Identifica a temática principal dun poema e caracterízao.

## UNIDADE 5

**Obxectivos Mínimos:**

- Recoñecer os estereotipos dos personaxes dos contos, así como a súa ruptura.
- Ser consciente da importancia da educación obrigatoria e gratuíta.
- Definir o concepto *narración literaria* e recoñecer os elementos do proceso narrativo.
- Diferenciar o estilo directo e indirecto.
- Saber facer unha descrición.
- Describir o concepto *substantivo* e *adxectivo* e lembrar as regras de cambio de xº e nº no substantivo.
- Diferenciar as palabras segundo a forma.
- Comprender o significado do léxico que se propón e distinguir nel as vogais abertas e as pechadas.
- Entender a orixe dos estereotipos e prexuízos e identificar os prexuízos lingüísticos.
- Distinguir un texto narrado en primeira persoa doutro narrado en terceira.
- Saber apreciar nun texto o tipo de escenario (rural ou urbano, realista ou fantástico, literal ou simbólico) e a ordenación dos feitos (cronolóxica, con flash-back, etc.).
- Distinguir personaxes principais e secundarios e as súas características.
- Coñecer algunhas peculiaridades da literatura galega en relación cos elementos básicos da narración.

**Contidos:**

- A importancia da educación para todos e todas. A ruptura de estereotipos.
- Obras literarias, musicais,... relacionadas con Darío X. Cabana, a ruptura de estereotipos e a educación.
- A narración e a descrición: composición do texto.
- O substantivo e o adxectivo: xénero, número e forma.
- Descrición.
- Léxico da natureza.
- Os prexuízos lingüísticos. Valoracións negativas sobre a lingua e prexuízos asociados.
- Os elementos da narración: narrador (tipos), espazo (rurais, urbanos, realistas, fantásticos, simbólicos), tempo (ordenación cronolóxica) e personaxes (principais, secundarios, realistas, fantásticos).
- Achegamento aos elementos da narración a través da literatura galega.

**Criterios de avaliación:**

- Recoñece os estereotipos dos contos tradicionais e, á vez, a ruptura con estes.
- É consciente da importancia da educación obrigatoria e gratuíta e coñece os cambios producidos nela.
- Define o concepto *narración literaria* e recoñece os elementos do proceso narrativo.
- Diferencia o estilo directo e indirecto.
- Sabe facer unha descrición e distingue os diferentes tipos de descrición.
- Coñece as características da narración non literaria e distingue narración literaria e non literaria.
- É capaz de redactar unha narración literaria e non literaria.
- Describe o concepto *substantivo* e *adxectivo* e lembra as regras de cambio de xº e nº.
- Diferencia as palabras segundo a forma.
- Define o comportamento do adxectivo nos tres graos.
- Comprende o significado do léxico proposto e distingue nel as vogais abertas e as pechadas.
- Elabora textos orais descritivos.
- Entende a orixe dos estereotipos e prexuízos e identifícaos .
- Sabe identificar nun texto os elementos básicos da narración: o tipo de narrador, de espazo, a ordenación dos feitos, os personaxes.
- Coñece peculiaridades da literatura galega en relación con estes elementos e é capaz de detectalas nos textos.

## UNIDADE 6

### Obxectivos Mínicos:

- Ser consciente do traballo que levan a cabo as ONG.
- Recoñecer unhas instrucións no interior dun texto e ser capaz de extraelas deste.
- Definir o concepto *texto instrutivo*.
- Recoñecer a importancia dos esquemas á hora de redactar.
- Coñecer o concepto *marcador discursivo* ou *conectador textual*.
- Ser capaz de describir o concepto *verbo* e localizalo nun texto.
- Coñecer os tempos verbais, distinguir os modos verbais e localizar o número e persoa dun verbo.
- Interpretar un infinitivo conxugado e coñecer o concepto *perífrase verbal*.
- Coñecer as linguas existentes no Estado español e identificar a súa distribución.
- Entender as diferenzas entres linguas oficiais e non oficiais.
- Coñecer os principais subxéneros narrativos.
- Coñecer os trazos identificativos dos mitos, lendas, cantos épicos, contos e novelas.
- Coñecer a significación de cada un dos subxéneros narrativos para a literatura galega.

### Contidos:

- As instrucións.
- As ONG e as diferenzas Norte-Sur.
- Obras literarias, cinematográficas e musicais relacionadas coa comida.
- Ámbito académico: texto instrutivo.
- O verbo: tempos verbais e perífrases.
- Intervencións orais na aula: expoñer información.
- Léxico das ciencias e as letras.
- As linguas do Estado español, a súa distribución.
- Marco legal: linguas oficiais e outras linguas.
- Os subxéneros narrativos: características do mito, a lenda, a épica, o conto e a novela.
- A importancia dos x<sup>º</sup> narrativos na nosa literatura: conto tradicional e de autor; o desenvolvemento da novela.
- O material mítico-lendario e a cultura popular e tradicional.

### Criterios de avaliación:

- É consciente do traballo que levan a cabo as ONG.
- Recoñece e sabe ordenar unhas instrucións. Define o concepto *texto instrutivo* e distingue os diferentes tipos.
- Recoñece a importancia dos esquemas á hora de redactar. Sabe facer esquemas.
- Coñece o concepto *marcador discursivo* ou *conectador textual* e sabe empregalos.
- É capaz de describir o concepto *verbo* e localizalo nun texto.
- Coñece os tempos verbais, distingue os modos verbais e localiza o número e persoa dun verbo.
- Interpreta e sabe o que é un infinitivo conxugado e coñece e define o concepto *perífrase verbal*.
- Elabora textos orais de carácter instrutivo e expositivo.
- Desenvolve a capacidade de empatía manexando argumentos contrarios ao que pensa.
- Coñece as linguas do Estado español e a súa distribución; explica a situación de cada unha delas.
- Entende as diferenzas entres linguas oficiais e non oficiais.
- Sabe distinguir entre mito, lenda, épica, conto e novela.
- Identifica nun texto literario as características formais propias do subxénero ao que pertence.
- Coñece o papel que cada subxénero narrativo tivo e ten na literatura galega.
- Valora a cultura tradicional e popular como parte importante do noso patrimonio cultural e da nosa identidade.
- Implícase nunha tarefa de compilación do material mítico-lendario da súa contorna e actúa con iniciativa e interese.

## UNIDADE 7

### Obxectivos Mínicos:

- Saber quen foi Jaime Pacheco e que importancia tivo a súa obra.
- Valorar a fotografía como manifestación artística e testemuño documental doutras épocas.
- Definir o concepto *texto expositivo*. Describir as características do texto expositivo e coñecer as súas partes
- Recoñecer a importancia da escrita coherente.
- Saber o que é un tecnicismo.
- Ser capaz de describir o concepto *cohesión textual*.
- Coñecer o concepto *preposición* e *conxunción*.
- Definir o concepto *marcador do discurso* e recoñecer a importancia do seu uso á hora de redactar.
- Localizar unha preposición ou unha conxunción nun texto dado.
- Distinguir as características do texto oral expositivo.
- Identificar a opinión en textos orais expositivos que a inclúan.
- Comprender o significado do léxico traballado.
- Coñecer os termos *toponimia* e *antroponimia*. Ser consciente da existencia de estudos toponímicos en lingua galega.
- Identificar os topónimos galegos cunha única forma correcta: a galega.
- Coñecer os principais trazos formais que caracterizan a poesía.
- Coñecer recursos estilísticos dos niveis fónico, morfosintáctico e léxico-semántico. Saber analizar formalmente un poema.

### Contidos:

- A fotografía en Galicia.
- Obras cinematográficas relacionadas coa fotografía.
- Ámbito académico: texto expositivo.
- A preposición, a conxunción e os marcadores do discurso.
- Intervencións orais na aula: expoñer opinións.
- Léxico das artes.
- A toponimia. A antroponimia. Os topónimos e os antropónimos galegos.
- Os trazos formais da poesía.
- Os principais recursos estilísticos dos niveis fónico, morfosintáctico e léxico-semántico.

### Criterios de avaliación:

- Valora a fotografía como arte e testemuño documental. Coñece fotógrafos galegos ou obras fotográficas sobre Galicia.
- Define o concepto *texto expositivo*, describe as características e coñece as partes. Emprega as súas características.
- Recoñece a importancia da escrita coherente.
- Sabe o que é un tecnicismo.
- É capaz de describir o concepto *cohesión textual*.
- Coñece o concepto *preposición* e *conxunción*.
- Define o concepto *marcador do discurso* e recoñece a importancia destes á hora de redactar.
- Diferencia unha preposición dunha conxunción e localízalas nun texto dado.
- Recoñece unha locución prepositiva ou conxuntiva.
- Distingue as características do texto oral expositivo.
- Comprende o significado do léxico traballado e emprégao axeitadamente.
- Demostra unha actitude de interese, cooperación e respecto ante as opinións doutras persoas.
- Coñece e explica os termos *toponimia* e *antroponimia*.
- É consciente da existencia de estudos toponímicos en lingua galega.
- Identifica os topónimos galegos cunha única forma correcta: a galega e rexeita os topónimos deturpados.
- Sabe analizar metricamente un poema. Identifica nun texto literario os principais recursos estilísticos.
- Valora os matices e posibilidades da expresión poética.

## UNIDADE 8

### Obxectivos Mínimos

- Valorar a ecoloxía e o respecto polo medio natural.
- Definir o concepto *parágrafo* e recoñecer a importancia da escrita ben artellada tematicamente.
- Saber o que é un tema secundario e localizar tema principal e secundario nun texto dado.
- Ser capaz de describir o concepto *adverbio* e locución adverbial e localizalos nun texto dado.
- Recoñecer a importancia dos adverbios á hora de redactar
- Producir enunciados con boa calidade fonética e valorar a calidade de producións alleas.
- Comprender o léxico das relacións sociais proposto
- Coñecer o termo *normalización lingüística*.
- Entender o proceso necesario de normalización da lingua galega.
- Citar algúns ámbitos nos que se está realizando o proceso de normalización.
- Coñecer os principais temas da poesía e algúns autores que os trataron.
- Achegarse á poesía galega a través dos grandes temas da literatura universal.

### Contidos:

- A relación dos seres humanos co medio natural.
- A ecoloxía.
- Obras literarias, cinematográficas e musicais relacionadas coa ciencia e co coidado do planeta.
- Tema e subtema: localización e análise.
- O adverbio.
- A lingua oral na vida cotiá: ámbitos formais.
- Léxico das relacións sociais.
- A normalización lingüística. A normalización da lingua galega.
- A normalización no ensino e na administración.
- Os grandes temas da poesía: o amor, a temática existencial, a natureza, a temática social.
- Algunhas manifestacións destacadas na literatura galega de cada un dos grandes temas poéticos.

### Criterios de avaliación:

- Valora a ecoloxía e o coidado polo medio natural.
- Coñece manifestacións artísticas relacionadas coa ciencia e co coidado do planeta.
- Explica a relación que os seres humanos temos coa natureza.
- Sabe localizar o tema principal e o secundario nun texto.
- Define o concepto *parágrafo* e recoñece a importancia da escrita ben artellada tematicamente.
- Redacta seguindo unha progresión temática concreta.
- Describe os conceptos *adverbio* e *locución adverbial* e localízaos nun texto dado.
- Distingue unha palabra gramatical e unha léxica.
- Distingue os contextos formais e os contextos informais.
- Produce enunciados con boa calidade fonética e valora a calidade de producións alleas.
- Comprende o léxico das relacións sociais proposto e indica o significado deste léxico.
- Expón de forma planificada, clara e ordenada informacións para convencer e conseguir obxectivos.
- Entende o termo *normalización* e expón as características de calquera proceso de normalización.
- Sabe recoñecer nun poema o tema principal e os temas secundarios.
- Identifica nun texto poético a súa temática e pona en relación cos grandes temas da poesía.
- Coñece algunhas manifestacións destacadas da literatura galega nas que se tratan os temas do amor, a temática existencial, a natureza e a temática social.